

## SAQUEO DE CANGAS POLOS TURCOS

Polo camiño ehí ven un home  
aínda ven lonxe, lonxe, lonxe..  
Eu non sei si anda ou si corre,  
porque ven lonxe, lonxe, lonxe.

Quen fora galgo,  
quen fora páxaro,  
quen fora vento!

Fai moito tempo que nos deixou  
alá pra lonxe, lonxe, lonxe...  
Anda na guerra, polo Señor,  
ala moi lonxe, lonxe, lonxe.

Quen fora galgo  
quen fora páxaro,  
quen fora vento!

Viñeron os mouros arrenegados  
lá de moi lonxe, lonxe lonxe...  
Todo levaron e nós fuxemos  
alá pra lonxe, lonxe, lonxe.

Quen fora galgo,  
quen fora páxaro,  
quen f ora vento!

Aqueles homes eran uns demos  
lá de moi lonxe, lonxe, lonxe..  
Todo levaron e nós fuxemos  
Alá pra lonxe, lonxe, lonxe.

Quen fora galgo,  
quen fora páxaro,  
quen fora vento!

O altariño do noso Dios  
que mora lonxe, lonxe, lonxe,  
quedou coma noitiña sin sol  
fuxindo lonxe, lonxe, lonxe.

Quen fora galgo,  
quen fora páxaro,  
quen fora vento!

Entre penedos i entre touzas  
alá lonxe, lonxe, lonxe  
Levamos o Cristo coutras cousas  
alá pra lonxe, lonxe, lonxe

Quen fora galgo,  
quen fora páxaro  
quen fora vento!.

I os mouros arrenegados  
foron detrás lonxe, lonxe,  
i aqueles penedos arrodoados  
(era moi lonxe, lonxe, lonxe)

Quen fora galgo,  
quen fora páxaro,  
quen fora vento!

Probes de nós! todos berraban  
ala moi lonxe, lonxe, lonxe,  
válenos, Cristo! apelidaban  
era moi lonxe, lonxe, lonxe.

Quen fora galgo,  
quen fora páxaro,  
quen fora vento!

E Cristo! apelidaban  
alá moi lonxe, lonxe, lonxe.  
Mira que ises por ti non chaman!  
decíamos lonxe, lonxe, lonxe.

Quen fora galgo,  
quen fora páxaro,  
quen fora vento!

Xa dos penedos na Buratiña  
alá moi lonxe, lonxe, lonxe,  
víanse as caras de tal xentiña  
alá lonxe, lonxe, lonxe.

Quen fora galgo  
quen fora páxaro,  
quen fora vento!

Cristo! Cristo! todos a unha  
dixemos lonxe, lonxe, lonxe  
i esmagada aquela xentiña  
quedou alá lonxe lonxe lonxe.

Quen fora galgo,  
quen fora páxaro,  
quen fora vento!

Ben te vin vir polo camino  
alá lonxe, lonxe, lonxe  
o Cristo amparounos, meu queridiño  
e fóronse lonxe, lonxe, lonxe.